

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Bases do "XXXI Concurso de Contos Vila de Pontedeume"

ANUNCIO

XXXI Concurso de Contos Vila de Pontedeume

Por medio do Decreto número 157/2021 de 10/03/2021 aprobáronse as bases do "XXXI Concurso de Contos Vila de Pontedeume", que a continuación se transcriben:

"BASES DO XXXI CONCURSO DE CONTOS VILA DE PONTEDEUME

- Poderán concorrer ao premio estudantes de Segundo Ciclo da ESO, Bacharelato e Ciclos de Formación de Grao Medio ou Superior, cuxa idade non supere os 20 anos.
- Os contos estarán en lingua galega e cada participante presentará unha única obra.
- Os contos, que deberán ser orixinais e inéditos, terán unha extensión non inferior a seis (6) páxinas nin superior a oito (8), estarán mecanografados a dobre espazo con letra Arial, corpo 12, e tamaño DIN A4. As follas deberán estar paxinadas.
- As obras presentaranse directamente ou ben poderán ser remitidas por correo certificado ao Rexistro Xeral do Concello de Pontedeume (rúa Real 13, 15600 Pontedeume. A Coruña).

As obras entregaranse en sobre pechado en cuxo exterior constará: o nome do concurso, o título da obra e lema ou pseudónimo do autor ou autora. No interior xuntarase outro sobre pechado, no que constará: o nome do concurso, o título da obra e lema ou pseudónimo do autor ou autora, o auténtico nome e apelidos do autor ou autora, a fotocopia do DNI, teléfono de contacto, enderezo, indicación do centro no que cursa estudos e estudos que está a cursar.

Támén se poderán presentar a través de correo electrónico a correo@pontedeume.gal. Ao correo deberán xuntárselle dous arquivos: un co conto e outro co nome e apelidos do autor o autora, a fotocopia do DNI, teléfono de contacto, enderezo, indicación do centro no que cursa estudos e estudos que está a cursar.

- O prazo de presentación iniciarase o día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e remata o **12 de abril de 2021**.
- Estabélcese un único premio dotado con **600.-€**. (Este premio está suxeito á retención vixente do IRPF (RIRPF, art. 70).
- O premio poderá quedar deserto de non existiren obras de calidade a xuízo do xurado.
- Así mesmo o xurado poderá determinar o outorgamento de accésits.
- O xurado, nomeado polo Concello de Pontedeume, estará composto por tres membros e un secretario ou secretaria con voz e sen voto, en representación da Concellería de Cultura. A decisión do xurado comunicaráselles aos participantes e público en xeral o mesmo día da entrega dos premios.
- O día da entrega dos premios será o día 17 de maio de 2021, Día das Letras Galegas.
- O Concello de Pontedeume resérvase a posibilidade de publicar o premio e accésits no momento que considere conveniente. Neste sentido, o autor ou a autora renuncia a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor e o/os exemplar/es que entregue da súa/s obra/s quedarán en propiedade do Concello.
- A organización resérvase o dereito de cancelar o concurso ou resolver os imprevistos sen estar obrigada a comunicarllelo previamente aos participantes.

A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases.”

O que se publica para xeral coñecemento.

En Pontedeume, asinado dixitalmente o día 16 de marzo de 2021 polo Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

2021/2180